



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

José Antonio Pereira Gil, alcalde do concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presenza do secretario de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: BASES DE SELECCIÓN POLAS QUE SE EFECTÚA A CONVOCATORIA PARA NOVAS INCLUSIÓNS E ACTUALIZACIÓN DE MÉRITOS NA BOLSA PARA A PROVISIÓN TEMPORAL PARA A CONTRATACIÓN DUNHA BRIGADA PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DA BAÑA

Expte. TEDEC: 2025/E001/000003.

Expte. TEDEC: 2025/G003/000445.

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que o 25/04/2025 asinouse o Convenio entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local, Concello de Baña (A), para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027.

O cumprimento do dito convenio inclúe a realización da seguinte acción:

- A contratación durante 3 meses dunha brigada de 5 operarios, para o desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa e para a realización de ata un máximo de 10,0639 hectáreas/brigada de traballos de prevención mediante forma manual.

Cumprir co dito convenio esixe seleccionar e contratar como persoal laboral temporal dunha brigada de 5 operarios (1 xefe de brigada; 4 peóns de brigada) para o desenvolvemento do contido do convenio.

Así mesmo e para os efectos de evitar que as baixas do persoal contratado impidan a execución dos traballos de prevención e extinción faise necesario crear listas de aspirantes que podan cubrir as baixas que xurdan.

Visto que nestes momentos por necesidades do servizo público o Concello precisa dotarse dunha Brigada de incendios, conformada por un/ha xefe/a de brigada, e catro peóns de brigada con relación de carácter laboral temporal ao abeiro do Convenio interadministrativo asinado entre a Consellería do Medio Rural e o Concello da Baña, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2025, cofinanciado parcialmente co fondo de desenvolvemento rural (FEADER) cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027, durante un período de tres meses.

Visto que o presente expediente nace como consecuencia da necesidade de actualizar a bolsa de emprego aprobada por Decreto de Alcaldía 379/2024 do 24 de xuño do 2024, pola ausencia de candidatos tras terse realizado os chamamentos oportunos e non conseguirse a conformación completa da brigada de incendios.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

A nova bolsa xurdida tras esta actualización entenderase que se entenderá prorrogado de facto, cunha duración de tres anos, ampliable por 12 meses mais, ata que se aprobe a seguinte bolsa ou se determine expresamente a finalización de dito período.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

Primeiro: Avocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que tiña sido delegada por decreto de alcaldía número 410/2023, de data 19 de xullo de 2023, na Xunta de Goberno Local.

Segundo: Aprobar a convocatoria e as bases reguladoras, que se anexan ó presente decreto, para ampliación e actualización da bolsa de emprego aprobada por Decreto de Alcaldía 379/2024 do 24 de xuño do 2024, e que se entenderá prorrogada de facto, cunha duración indeterminada, ata que se aprobe a seguinte bolsa ou se determine expresamente a finalización de dito período.

Dita convocatoria de ampliación e actualización da bolsa de emprego terá por obxecto a contratación como persoal laboral temporal dunha brigada de 5 operarios (1 xefe de brigada; 4 peóns de brigada) e a creación dunha bolsa de emprego de entre as persoas aspirantes que cumpran os requisitos establecidos nas bases para a súa provisión con carácter temporal que se incorporan ao final desta resolución.

Terceiro: Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente.

Mándao e asíno o señor Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria - Interventora, Paula Martís Torres, dou fe.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

BASES DE SELECCIÓN POLAS QUE SE REGULA A CONVOCATORIA PARA NOVAS INCLUSIÓNS E ACTUALIZACIÓN DE MÉRITOS NA BOLSA PARA A PROVISIÓN TEMPORAL PARA A CONTRATACIÓN DUNHA BRIGADA DE 5 OPERARIOS (1 XEFE DE BRIGADA – CAPATAZ; E 4 PEÓNS DE BRIGADA) PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS NO CONCELLO DA BAÑA E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE CONTRATACIÓN E PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE CAPATACES, E PEÓNS PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DA BAÑA.

Expte. TEDEC: 2025/E001/000003

BASE 1.–Obxecto da convocatoria.

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ampliación e actualización da bolsa de emprego aprobada por Decreto de Alcaldía 379/2024 do 24 de xuño do 2024, de aprobación das bases reguladoras para a contratación en réxime de dereito laboral temporal dunha brigada de 5 operarios composta por un xefe de brigada, e catro peóns para o desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa para a realización de traballos de prevención mediante o control do combustible de xeito manual e creación dunhas bolsas de contratación de persoal laboral temporal de xefes de brigada, e peóns para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello da Baña para a súa contratación neste ano de 2025, sen prexuízo de que, antes da súa contratación, os aspirantes teñan que superar e acreditar os extremos esixidos pola normativa de aplicación e sempre que sexa posible a súa cobertura de conformidade cos requisitos esixidos pola normativa aplicable e previa acreditación no expediente da existencia de crédito adecuado e suficiente para esta finalidade.

A contratación será durante 3 meses.

A bolsa de contratación terá unha vixencia de tres anos, ampliable por 12 meses, ata que se aprobe a seguinte bolsa ou se determine expresamente a finalización de dito período. Durante a vixencia destas bases poderase proceder, mediante convocatoria ao efecto, á revisión de méritos.

A contratación realizarase a través da modalidade de contrato temporal ao abeiro da normativa laboral, cunha xornada segundo a lexislación vixente e conforme ás quendas de traballo que estableza o Distrito Forestal cos descansos establecidos por lei e coas retribucións correspondentes segundo o convenio asinado entre a consellería do Medio Rural e o Concello da Baña.

Con carácter xeral, a modalidade contractual será contrato temporal, establecéndose un período de proba de 15 días.

As funcións a desenvolver polos membros da brigada virán determinadas polo Convenio de colaboración para a prevención de incendios forestais subscrito entre a Consellería de Medio

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Rural e o Concello da Baña. Sen ánimo exhaustivo, as funcións serán:

- Traballos de vixilancia e defensa contra os incendios forestais, incluíndo a condución de vehículos
- Traballos encamiñados á prevención que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse.
- Realizar as labores de prevención (roza, rareo e eliminación de restos) nos 3 meses de operatividade das dúas brigadas en vía e camiños forestais, áreas de corta lumes, e nas súas faixas de xestión de biomasa de titularidade municipal, ou en superficies sobre os cales a entidade local terá cesión de aproveitamento, uso e/ou desfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 terceiro da Lei 3/2017, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia ou superficies de propietario descoñecido, previa acreditación de dita condición. Todo isto cando non sexa posible a mecanización de ditos traballos. Cando concorran razóns extraordinarias de emerxencia, o órgano autonómico poderá decidir a mobilización das brigadas fóra do termo municipal.

Conforme ao convenio asinado entre a Consellería do Medio Rural e o Concello da Baña, os membros da brigada terán plena dispoñibilidade (incluíndo domingos, festivos, quendas de noite...), conforme ás necesidades do servizo A retribución do salario bruto incluída a parte proporcional das pagas extras dos traballadores será:

Ocupación	Retribución
Xefe de brigada	1.572,91€/ mes
Peón de brigada	1.381,33 €/ mes

Establecese unha gratificación extraordinaria de **200€** por persoa sempre que a brigada cumpra o obxectivo das actuacións de prevención mediante roza manual 10,0639 hectáreas, marcadas no Programa de Actuacións preventivas do Convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local da Baña de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADRE) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

De conformidade co artigo 33 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común, e en coherencia coa necesidade urxente que pretende cubrirse, o procedemento tramitarase de urxencia.

Non teñen obriga de presentar nova solicitude as persoas que xa forman parte de da lista correspondentes á bolsa de emprego para a brigada de incendios do Concello da Baña aprobada no 2024, por Decreto de Alcaldía 379/2024 do 24 de xuño do 2024, que poderán presentar unicamente solicitude de actualización de méritos, se así o consideran, de conformidade co disposto na base 5 desta resolución.

No caso de que decidan presentar nova solicitude para mellorar a puntuación obtida



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

anteriormente, ocuparán, nas novas listas refundidas que se aproben, o posto que lles corresponda conforme a puntuación que obtivesen nos procesos selectivos realizados con anterioridade ou, de ser o caso, a superior que obteñan no actual proceso selectivo.

Non obstante, aqueles que, en virtude de chamamento pola bolsa convocada no ano 2024, estean excluídos das listas por renunciar sen a conformidade da entidade local ou por calquera outra das causas de exclusión que figuran no Decreto de Alcaldía 379/2024 do 24 de xuño do 2024 onde se aproba a citada bolsa de emprego, para volver formar parte das bolsas terán que presentar unha nova solicitude de inclusión dentro dos prazos establecidos nesta convocatoria.

BASE 2.–Duración da provisión.

Os aspirantes seleccionados no presente proceso selectivo serán contratados como traballadores temporais de duración determinada, dándose de alta na Seguridade Social e demais requisitos legais, tendo unha duración o contrato de tres meses que é o prazo de vixencia da subvención outorgada ao Concello para o seu financiamento.

No caso de prórroga do financiamento, o contrato prorrogarase igualmente pola mesma duración. Neste caso, a duración do servizo está condicionada á subvención percibida polo Concello da Xunta de Galicia ou eventualmente doutras Administracións para desenvolvelo mesmo, extinguíndose o contrato no momento de cesamento da mesma.

No ano 2024 aprobouse unha lista de aspirantes a cada un dos postos de persoal laboral temporal, para a súa contratación, de ser o caso, nese ano e/ou nos vindeiros anos, sen prexuízo de que antes da súa contratación os aspirantes teñan que superar e acreditar os extremos requiridos no correspondente convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural ou establecidos nestas bases polo Concello da Baña e sempre que sexa posible a súa cobertura de conformidade cos requisitos esixidos pola normativa aplicable e previa acreditación no expediente da existencia de crédito adecuado e suficiente para esta finalidade. Dita base entenderase prorrogada *sine die* nos termos da base 1.

BASE 3.–Publicidade.

Estas bases publicaranse na páxina web do Concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Os resultados das probas a efectos de notificación dos interesados, así como as citacións e emplacements dos mesmos, levaranse a cabo unicamente a través do taboleiro de anuncios do Concello (artigo 45.1.b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo).

BASE 4.–Requisitos das persoas aspirantes.

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

- a) Ser español ou posuír a nacionalidade de calquera dos estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo isto nos termos do artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos os 18 anos da idade, e non superar a idade máxima de xubilación.
- c) Non ter sido separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.
- d) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

Requisitos específicos:

Posto de xefe/a de brigada:

Código de ocupación: **encargado/a-capataz/a forestal: 64101022** e estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

- Enxeñeiro/a de montes (CÓDIGO: 556230076201).
- Enxeñeiro/a técnico/a forestal (CÓDIGO: 546230076201/546230076202).
- Técnico/a superior en xestión en xestión forestal e do medio natural (CÓDIGO: 518520021104).
- Técnico/a en aproveitamento e conservación do medio natural (CÓDIGO: 336230021109).
- Técnico/a en emerxencia e protección civil. (CÓDIGO: 338610028405).
- Formación profesional equivalente.

Imprescindible: Carné de conducir B.

Postos de peón/a de brigada:

Código de ocupación: **peón/a forestal: 95431028**

Valorarase estar en posesión do carné de conducir B, inda que non será motivo de exclusión o non posúelo.

BASE 5.–Forma e prazo de presentación de instancias ou de actualización de méritos .

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas e/ou actualización de méritos, deberán facelo constar mediante instancia dirixida ó Sr. Alcalde do Concello da Baña.

O prazo para a presentación de solicitudes será de cinco días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no rexistro xeral do Concello da Baña (en horario de 9.00 a 14.00, de luns a venres), ou polos medios previstos na Lei 30/2015, reguladora do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Cando se presente en calquera centro ou oficina distinta do Rexistro do Concello, darase comunicación desta presentación remitindo copia co número de rexistro ao Concello da Baña por correo electrónico (correo@concellodabana.gal).

As persoas interesadas terán á súa disposición na páxina web e no Concello o modelo de solicitude. Dito modelo poderá descargarse na seguinte dirección: https://sede.concellodabana.gal/sxc/gl/procedimientosytramites/tramites/Convocatoriadeselecciondepersonal_N A presentación da solicitude supón o coñecemento e aceptación expresa do contido destas bases.

As bases, así coma os resultados das probas selectivas serán publicadas no taboleiro de anuncios electrónico do Concello e na páxina web do Concello da Baña (www.concellodabana.gal).

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI ou documento correspondente ao país da UE.
- b) Documentación que acredite os extremos do punto 4 destas bases. A experiencia laboral acreditarase mediante contratos de traballo ou equivalentes e Informe de vida laboral.
- c) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- d) Fotocopia e orixinal do carné de conducir B .
- e) As solicitudes de actualización de méritos virán acompañadas da documentación acreditativa dos novos méritos presentados e, farán referencia a que "SOLICITAN ACTUALIZACIÓN DE MERITOS DA BOLSA DE EMPREGO PARA A BRIGADA DE INCENDIOS DO CONCELLO DA BAÑA, EXPEDIENTE 2024/X999/000044 no impreso de solicitude.

BASE 6.–Admisión das persoas aspirantes.

Rematado o prazo de presentación das solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello da Baña, sinalarase o día e a hora na que os aspirantes comparecerán para realizar as seguintes probas: prácticas, médicas e físicas, sendo calquera das tres probas eliminatorias.

O orde de chamamento das persoas aspirantes será a partir da letra V, segundo o resultado do sorteo feito público por Resolución do 25 de xullo de 2024 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado (BOE n.º 184 do 2024).

BASE 7.–Tribunal cualificador.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

7.1. O Tribunal Cualificador será nomeado por Decreto de Alcaldía e estará composto polos seguintes membros, de conformidade co disposto no art. 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

- Un Presidente: Un/unha funcionario/a de carreira do ámbito da administración local designado/a polo Alcalde con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o ingreso no corpo e escala da presente convocatoria.
- Un Secretario: Un/unha funcionario/a de carreira do ámbito da administración local designado/a polo Alcalde con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o ingreso no corpo e escala da presente convocatoria.
- Tres Vogais: Funcionarios/as de carreira ou laborais fixos pertencentes a unha administración pública designados/as polo Alcalde con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o ingreso no corpo e escala da presente convocatoria.

7.2. Non poderán formar parte do Tribunal: o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos, e o persoal eventual, conforme ó disposto no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. A pertenza ó Tribunal será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

7.3. O Tribunal poderá contar, para todas ou algunhas das probas, coa colaboración de asesores técnicos, con voz e sen voto, que deberán limitarse ó exercicio da súa especialidade técnica, e cuxo réxime de retribucións determinárase na resolución que acorde a súa designación. Así mesmo, poderá contar cun colaborador administrativo, con voz e sen voto, asimilado a Vogal ós exclusivos efectos da súa retribución.

7.4. Os membros do Tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo e de intervir cando concorran as circunstancias previstas nos artigos. 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, notificándoo á autoridade convocante, e de conformidade co disposto no artigo 13 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, calquera aspirante poderá recusa-los, cando concorran algunha das referidas circunstancias.

7.5. O Tribunal só poderá actuar validamente coa asistencia, en todo caso, do Presidente, da maioría dos Vogais e do Secretario, titulares ou suplentes, indistintamente. Corresponderalle dilucidar as cuestións plantexadas durante o desenvolvemento do proceso selectivo, velar polo bo desenvolvemento do mesmo, cualificar as probas establecidas e aplicar os baremos correspondentes.

A actuación do tribunal axustarase estritamente ás bases da convocatoria. Porén, o Tribunal resolverá as dúbidas que xurdan da súa aplicación e poderá tomar os acordos que correspondan para aqueles supostos non previstos nas bases facultándolles estas para elo.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

7.6. As resolucións do Tribunal vinculan á Administración sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión conforme ó previsto nos artigos 106 e seguintes da Lei 39/2015 e artigo 14 do R.D. 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o "Regulamento General de Ingreso del Persoal al servizo de la Administración General del Estado y de Provisión de Postos de Trabajo y Promoción Profesional de los funcionarios Civiles de la Administración General del Estado".

BASE 8.–Procedemento selectivo.

O procedemento selectivo é o concurso oposición.

FASE DE OPOSICIÓN (máximo 20 puntos)

PRIMEIRO EXERCICIO:

Proba con carácter obrigatoria e eliminatoria. Consistirá na realización dunha proba práctica directamente relacionada coas funcións a desenvolver no exercicio do posto de traballo.

A proba esta dirixida a determinar os coñecementos dos/as aspirantes sobre a posto de traballo a desenvolver, a profesionalidade e o coñecemento do medio.

O tribunal valorará a rapidez e adecuación da resposta da persoa aspirante a situación proposta, a capacidade de valoración da situación á que se enfronta e a súa pericia no manexo da situación.

Corresponderá ao tribunal determinar o nivel mínimo esixido para a obtención das cualificacións de conformidade co sistema de valoración que acorde para cada exercicio.

Terá unha puntuación máxima de 15 puntos.

SEGUNDO EXERCICIO.

O segundo exercicio consistirá nunha entrevista persoal ás persoas candidatas sobre as funcións a desenvolver no desempeño do posto correspondente.

Terá unha puntuación máxima de 5 puntos.

ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Con carácter obrigatorio e eliminatorio e en aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos básicos en lingua galega (CELGA 1 ou equivalente) terán unha proba de galego.

Será cualificada como apto ou non apto.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do CELGA 1 ou equivalente.

Se o tribunal o considera conveniente, poderá acordar a celebración dos dous exercicios da fase de oposición nunha mesma xornada, concedéndolles aos/ás opositores/as un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración deles, agás renuncia expresa, ou na xornada seguinte deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas.

Corresponderá ao tribunal determinar o nivel mínimo esixido para a obtención das cualificacións de conformidade co sistema de valoración que acorde para cada exercicio

FASE CONCURSO (máximo 10 puntos)

BAREMACIÓN DE MÉRITOS. Máximo de 10 puntos.

A puntuación obtida nesta fase, non será eliminatoria.

Baremo para a valoración de méritos é o seguinte:

1. Experiencia laboral computarase ata un máximo de 6 puntos:

Para os postos de **peóns de brigada** :

- Traballos prestados como peón de brigada/forestal: Por cada mes completo traballado 0,10 puntos.

Para os posto de **xefes de brigada**:

- Traballos prestados como xefe/capataz de brigada/forestal: Por cada mes completo traballado 0,10 puntos.

A puntuación outorgarase por meses efectivos de traballo a xornada completa. As contratacións a tempo parcial ratearanse segundo corresponda. O resto de días que non cheguen a 30 computaranse como un mes si son máis de 15 días.

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante certificado de vida laboral (co obxecto de determinar a duración real da relación contractual) e copias auténticas dos contratos de traballo onde figure de forma clara a categoría do posto de traballo desenvolvido (co obxecto de determinar as funcións realizadas). De non achegar ambos documentos vida laboral e contrato non se terá en conta os méritos alegados.

No caso de que o Tribunal de selección ante a documentación presentada observe dúbidas tanto referente á duración do contrato como en canto a que se trate dun contrato relacionado



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

co servizo de prevención e extinción de incendios, non valorará dita experiencia laboral.

Dadas as características dos tipos de postos de traballo non se terán en conta a experiencia que poda ter sido levada a cabo baixo o réxime de autónomo.

Aqueles candidatos/as que traballasen no Concello da Baña poderán solicitar mediante a presentación do anexo III para que o Concello lle expida a correspondente certificación.

2. Para todos os postos, a formación valorarase do seguinte xeito:

Cursos, seminarios e xornadas directamente relacionados co posto ofertado, a puntuación non poderá superar un 4 puntos. (NON SE VALORAN CURSOS DE INFORMÁTICA E DE IDIOMAS). Establécese o seguinte baremo:

- Cursos entre 10 e 20 horas de duración: 0,10 puntos.
- Cursos entre 21 e 30 horas de duración: 0,20 puntos.
- Curso entre 31 e 40 horas de duración: 0,30 puntos.
- Curso entre 41 e 50 horas de duración: 0,40 puntos.
- Curso de entre de 51 a 100 horas de duración: 0,50 puntos.
- Curso de máis de 101 horas de duración: 1 punto.

Os cursos onde non figure expresamente o número de horas, non se valoraran, así como os congresos, simposios e xornadas. Os méritos alegados acreditaranse mediante documentos orixinais ou copias autenticadas. Os cursos impartidos por entidades homologadas polas Administracións deberá constar dita homologación ben no título ou ben en documento aparte que sexa aportado polo propio aspirante, de non constar, non se procederá á súa valoración.

3. Para o postos de peón/a forestal :

Estar en posesión do carné de conducir B: 1 punto

As dúbidas que se susciten serán resoltas pola citado tribunal, que terá a facultade de interpretar estas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

Os méritos admisibles e valorados serán unicamente os presentados na data de realización do proceso selectivo. A falta de acreditación dos méritos non será corrixible e xerará a non valoración dos mesmos.

Os empates producidos nas puntuacións obtidas por 2 ou máis candidatos/as na puntuación final dirimirase atendendo á puntuación máis alta acadada na proba teórica, se segue existindo empate atenderase á puntuación máis alta acadada no apartado de experiencia laboral na fase de valoración de méritos, e se segue existindo empate atenderase á puntuación máis alta acadada no apartado de formación e segue existindo empate, atenderase ó apartado de cursos de galego ou validación.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

De manterse igualmente o empate resolverase pola orde alfabética do primeiro apelido, e de ser igual, polo segundo, a partir da letra F, segundo o resultado do sorteo feito público por Resolución do 21 de xaneiro de 2025 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade.

Autónoma de Galicia (DOG n.º 16 do 24 de xaneiro de 2025). De persistir o empate, este resolverase por sorteo.

As persoas admitidas serán convocadas, en chamamento único quedando decaídos no seu dereito os solicitantes que non compareceran a realizalo, a realización da proba escrita, no lugar e día que se anunciarán na páxina web e taboleiro de anuncios do Concello da Baña, cunha antelación mínima de dous días. As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

BASE 9.–Proposta de contratación.

A orde de contratación definitiva de todos os/as aspirantes virá determinado pola suma da puntuacións obtidas nas distintas probas da oposición; no caso de empate resolverase pola maior puntuación obtida no exame práctico e, se persiste o empate, por sorteo.

A orde de clasificación definitiva determinará a proposta de nomeamento do Tribunal.

En ningún caso, o tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes/as que prazas convocadas.

Si se producise algunha vacante nas prazas ofertadas durante a vixencia dos contratos, serán chamados aqueles aspirantes que superasen a fase de oposición por orde de puntuación, sempre que reunisen os requisitos da convocatoria.

A contratación se lle notificará ó interesado/a para que formalice o correspondente contrato no prazo máximo de tres días hábiles que poderán reducirse a 24 horas si se declara expresamente a urxencia na cobertura da praza a través dunha providencia de Alcaldía. Se non se fai sen causa xustificada a proposta de contratación caducará e pasarase ao seguinte aspirante con mellor puntuación.

BASE 10.–Resolución.

Concluído o proceso selectivo, o Concello da Baña publicará no taboleiro de anuncios electrónico do Concello e na paxina web: www.concellodabana.gal, as listaxes das persoas candidatas que se contratarán e as listaxes de persoas suplentes, coas que se formará unha bolsa de traballo para cubrir as vacantes que eventualmente puideran xurdir, ou para atender necesidades de emerxencia e imprevistos en xeral.

As persoas aspirantes propostas para formalizar o contrato laboral, deberán presentar nun

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

prazo máximo de dous días naturais dende a publicación da lista de candidatos os seguintes documentos:

- a) Certificado de titularidade de conta bancaria.
- b) Copia da Tarxeta Sanitaria ou número da Seguridade Social.

No caso de que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior debidamente acreditados, non presentasen a documentación ou da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, quedando anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación. E procederase ao chamamento dos seguintes aspirantes por orde de puntuación.

De producirse algunha vacante nas prazas ofertadas durante a vixencia dos contratos, serán chamados aqueles aspirantes que tivesen superado esta proba por orde de puntuación, sempre que reunisen os requisitos da convocatoria.

Os resultados das probas a efectos de notificación dos interesados, así como as citacións e emplacements dos mesmos, levaranse a cabo unicamente a través do taboleiro de anuncios do Concello.

BASE 11.–Formación de bolsa de traballo.

Na acta da última sesión do tribunal de selección incluíranse una lista dos/as aspirantes que superaron o proceso selectivo segundo a orde de puntuación obtida.

A acta do tribunal de selección elevarase á Alcaldía para que dite resolución de aprobación da listas de aspirantes.

Os aspirantes contidos nas ditas listas poderán ser contratados durante a súa vixencia sempre e cando, antes da súa contratación, superen e acrediten os extremos requiridos no correspondente convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural e sempre que sexa posible a súa cobertura de conformidade cos requisitos esixidos pola normativa aplicable e previa acreditación no expediente da existencia de crédito adecuado e suficiente para esta finalidade.

Ademais, con carácter previo a súa contratación, deberán presentar informe médico no que conste expresamente que teñen capacidade funcional necesaria para traballar nas brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais e declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal das Administracións Públicas e non ter sido separado nin inhabilitado do servizo público.

No caso de que os aspirantes teñan que superar algunha proba esixida no correspondente convenio ou nas presentes bases, a proba realizárase ante o tribunal de selección que con ocasión deste proceso se nomee, sen prexuízo de nomear un novo tribunal ao efecto.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

As listas de aspirantes que se creen terán unha vixencia de dous anos. Non obstante, a dita lista quedará anulada automaticamente se antes da finalización da súa vixencia se convoca un novo proceso selectivo e se aproban novas listas de aspirantes.

O funcionamento da bolsa rexeráse polas seguintes normas

– Os chamamentos realizaranse por vía telefónica. En aras de garantir este procedemento o/a interesado deberá comunicar ao Concello, baixo a súa responsabilidade, calquera alteración do número de contacto, aínda que esta alteración teña carácter transitorio, e como mínimo realizaranse dúas chamadas.

O empregado público que realice o chamamento farao constar mediante dilixencia indicando a disposición ou non do aspirante a ser contratado, e sen prexuízo de que o aspirante o comunique tamén de xeito formal. De non atender ó chamamento, unha vez realizadas como mínimo dúas chamadas, entenderase que o aspirante non ten disposición de ser contratado.

De manifestar a súa disposición, a alcaldía ditará resolución de requirimento –a resolución será publicada na páxina web do Concello e desde ese momento empezarán a contar os correspondentes prazos (sen prexuízo da posibilidade de comunicar tamén dita circunstancia por vía telefónica ou por correo electrónico)– para que acrediten e, no seu caso, superen os extremos requiridos no correspondente convenio, realicen as probas físicas correspondentes e declaración xurada de non estar incurso en inhabilitación para ser persoal das Administracións Públicas e non ter sido separado nin inhabilitado do servizo público. Se no prazo que se sinale, o aspirante non presenta a documentación requirida, non acredita ou, no seu caso, non supera os extremos requiridos, pasará a ocupar o último lugar da lista de aspirantes, salvo que poida acreditar un suposto de forza maior (entenderase por forza maior entres outros, estar desempeñando actividade laboral no sector público ou privado debidamente acreditado).

De non manifestar a súa disposición, pasarase a chamar ao seguinte aspirante da lista.

Ao rematar o contrato, o/a aspirante retornará ao posto que lle corresponda na lista aprobada.

BASE 12.–Interpretación das bases.

O Tribunal queda autorizado para resolvelas dúbidas que se presenten e adoptalos acordos necesarios para boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

BASE 13.–Recursos.

Contra a Resolución da Alcaldía que aprobe estas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da publicación

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

das presentes bases no taboleiro de anuncios do Concello, segundo o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Asemade poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante o alcalde-presidente, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación do anuncio do proceso selectivo non Boletín Oficial da Provincia (artigos 123, 124 e 30 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas). No caso de que interpoñerse recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo (artigo 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas).

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS (RGPD 2016/679 e LOPDGDD 3/2018).

RESPONSABLE DEL TRATAMIENTO: CONCELLO DA BAÑA

FINALIDADE DO TRATAMIENTO: A xestión da candidatura e realización dos exames e probas do proceso de selección.

LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMIENTO: Consentimento da persoa interesada (artigo 6.1,a do RGPD), o cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao Responsable (artigo 6.1,c do RGPD) e o exercicio de poderes públicos conferidos ao Responsable (artigo 6.1,e do RGPD).

DESTINATARIOS DOS DATOS: Os interesados que presenten interese lexítimo no desenrolo e resultados das probas do proceso de selección e as Administracións Públicas no exercicio de súas competencias, cando sexa necesario para a xestión da súa solicitude;

PLAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos proporcionados se conservarán durante o tempo necesario para cumprir coas obrigaóns legais do Responsable;

EXERCICIO DE DEREITOS: As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos, na sección "Protección de Datos";

CONTACTO DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS E INFORMACIÓN ADICIONAL: dpd@concellodabana.gal ou na sección Protección de Datos do Concello da Baña.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.